



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Xornadas sobre a administración cidadá: Interese histórico e a súa proxección no dereito actual

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Históricos EGAP

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	13
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2009
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	DIVULGACIÓN	<b>EDICIÓNS:</b>	1

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Estas xornadas queren mostrar como a Administración está presente na vida cidadá desde a antiga Roma ata hoxe en día. Non se trata soamente de realizar un itinerario histórico pola devandita Administración, polo que faremos un percorrido xurídico desde os tempos de Roma ata a súa proxección no dereito moderno. Poñendo en relación a experiencia xurídica romana co dereito público actual, veremos como moitos conceptos fundamentais do dereito público medieval e moderno teñen a súa orixe en formas institucionais e principios da experiencia

romana; non obstante, aínda que no dereito público actual encontramos termos, conceptos, formas que poden parecer iguais ou similares a aquelas da experiencia romana, non se debe esquecer que teñen inevitablemente asumido un valor distinto no singular contexto histórico que as xerou. Mostraremos como o oficio de avogado se encontra entre o cidadán e a

Administración pública, e falaremos da carreira administrativa na antiga Roma, nun intento de mostrar as similitudes e diferenzas coa agora vixente. O dereito fiscal, cos seus instrumentos de política financeira, tamén estará presente, así como o modelo romano de cidade e a comparación co urbanismo actual. Co firme propósito de mostrar como incidía na cidadanía a Administración romana, presentamos estas xornadas, con afán divulgativo, dos comezos xurídicos dunha Administración que se converterá, co paso do tempo, no eixe da vida cidadá.

### DESTINATARIOS

Personal da Xunta de Galicia e interesados en xeral

### PROGRAMA

0. 00 h. Inauguración das Xornadas, a cargo do Director da Escola Galega de Administración Pública.

10.30 h. Conferencia inaugural:

“A experiencia xurídica romana e o dereito público moderno”.

12.30 h. “Dereito Fiscal: Instrumentos de política financeira e principios de xustiza tributaria”.

17.00 h. “O problema da terra, e a súa influencia na Constitución de Roma”.

10.00 h. “Fundamentos clásicos da democracia moderna”.

12.00 h. “A reforma constitucional romana propugnada polos irmáns Graco”.

17.00 h. “Administración territorial da Galicia Romana”.

18.30 h. “Oficio de avogado: entre o cidadán e a Administración Pública”.

10.00 h. “A planificación do chan no urbanismo romano e o modelo actual de cidade”.

12.00 h. “A carreira administrativa na antiga Roma”.

<b>CRITERIOS DE SELECCIÓN</b>
-------------------------------

Non hai
---------

<b>3. DATOS EDICIÓNS</b>
--------------------------

<b>SANTIAGO</b>
-----------------

<b>LOCALIDADE:</b> SANTIAGO DE COMPOSTELA	<b>INICIO / FIN:</b> 28/10/2009 a 30/10/2009
---	--

<b>NUM. PRAZAS:</b> 298	<b>ESTADO:</b> NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	<b>DATA EXAME:</b>
-------------------------	--	--------------------

<b>DOCENTES NOMEADOS</b>
--------------------------

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE
--------------------------------